

Oh, que bonito é Panamá!

Peza teatral baseada no conto homónimo de Janosch



Mónica García
Tomás Lijó
Petra Hofmann

PRESENTACIÓN

O proxecto teatral *Que bonito é Panamá!* nace coa chegada a Galicia da súa directora, e membro do elenco artístico, Petra Hofmann. A raíz da participación dela nun proxecto semellante, producido e escenificado en Alemaña para o circuito teatral estatal, e da súa viaxe a Galicia como peregrina, nun primeiro momento, Petra Hofmann recupera esta historia de Janosch e incorpora, para a trama, a realización dunha parte do Camiño de Santiago por parte dos protagonistas, *Oso pequeno* e *Tigre pequeno*.

Así pois o Camiño xacobeo é o catalizador deste proxecto baseado na obra do ilustrador e escritor alemán Janosch. En concreto, as obras escollidas para a creación da peza teatral son: *Correo para Tigre* e *Que bonito é Panamá!*. Obra, esta última, que vertebra a historia e que, ademais, lle dá nome á mesma.

Se ben en Alemaña, Reino Unido e boa parte de Europa, a obra de Janosch e popularmente coñecida e foi, máis dunha vez, adaptada para o teatro infantil, non acontece o mesmo en Galicia nin no conxunto do Estado. Así pois, vemos no Xacobeo 2010 unha ocasión sen igual para popularizar entre os cativos e as cativas as coñecidas personaxes de Janosch, *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* e, ao tempo, levalos de viaxe por algúns dos case 60 concellos galegos polos que cruzan o Camiño francés, o Camiño inglés, o Camiño portugués ou o Camiño do Norte a Compostela, nun claro paralelismo entre a viaxe de centos de peregrinos a Santiago e a viaxe na busca de Panamá de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno*. Unha viaxe que, ademais, remata co desexo das dúas personaxes de facer a Ruta xacobeira e coñecer Compostela.



A HISTORIA DE OSO E TIGRE

Oso pequeno e *Tigre pequeno* viven á beira dun lago, no bosque, nunha casa pequena e comfortable na que gozan do seu fantástico sofá e do son do acordeón.

Na súa convivencia diaria *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* teñen ben distribuídas as responsabilidades no referido á obtención de comida, á limpeza do fogar, etc. *Oso pequeno* é o pescador e *Tigre pequeno* é un especialista na busca e recolección de cogomelos. Cada mañá *Oso pequeno* vai ao lago coa súa cana de pescar e *Tigre pequeno* encárgase de manter limpa e ordeada a casa e de cultivar a súa pequena horta.

E todo vai ben ata un día no que a morriña se apodera de *Tigre pequeno*, incapaz de realizar ningún labor a causa da soedade que lle provoca a ausencia de *Oso pequeno*, que está a pescar no lago. A tristeza goberna a vida de *Tigre pequeno* ata que se lle ocorre a fabulosa idea de que *Oso pequeno* lle escriba unha carta cada vez que estea fóra. Así, *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* dan un paso máis na súa relación afectiva. E todo cambia a tarde na que *Oso pequeno* pesca unha caixa envolta nun marabilloso olor a plátanos e que leva inscrita nas súas táboas a palabra 'Panamá!'

Cheo de emoción *Oso pequeno* vai para a casa contarlle a *Tigre pequeno* o descubrimento que fixo e a propoñerlle unha viaxe a Panamá, o lugar dos seus sonhos. Sen dubidar un momento, *Oso pequeno*, *Tigre pequeno* e o pato-tigre deste último póñense en marcha camiño de Panamá, e decátanse de que non saben por onde ir até o lugar dos seus sonhos. Así que a mellor solución é preguntarlle aos demais animais do bosque.


Comezan entón unha viaxe, na que escollen sempre o camiño da esquerda ao fío das pouco reflexivas respostas dos demais animais, e na que tropezan cun *León-peregrino* que camiña a Compostela, o lugar dos seus sonhos e mais o lugar no que conseguirá obter a coraxe que lle falta para ser un verdadeiro león.

Como consecuencia deste 'virar á esquerda' constante, a viaxe de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* remata na mesma casiña que abandoaron para buscar Panamá, aínda que eles quedan convencidos de estaren nun novo lugar. Felices coa súa nova morada a viaxe xa tomou os corpos e as mentes de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* que, a pesar de estaren moi contentos en Panamá, senten como agroma neles a inquedanza por coñecer Compostela logo de facer amizade co *León-peregrino*.

O que contamos é un día na vida dos protagonistas, desde que se erguen ata que volven ao seu fogar, aínda que pensan que se trata de Panamá.



Casa de Oso e Tigre



Lago



Árbore do Corvo



Casa do Rato



Tallo do Raposo



Granxa da Vaca



AS PERSONAXES

Oso pequeno toca o acordeón, leva sombreiro e anda cada día cunha cana de pescar ao lombo, xa que ésta é a súa principal tarefa na convivencia con *Tigre pequeno*. El é quen ten maior decisión na parella, é quen resolve a caída na melancolía de *Tigre pequeno* aceptando a súa petición de enviarlle de cartas desde o lago e é tamén el quen atopa a caixa de plátanos, decide que Panamá é o lugar dos seus soños e anima a *Tigre pequeno* a abandonar a casiña do lago para buscar ese lugar. *Oso pequeno* sabe construír cabanas se é preciso refuxiarse no bosque, sabe cociñar coma ninguén e é o máis atrevido á hora de interrogar os demais animais do bosque na busca dalgunha indicación útil.

Tomás Lijó é quen interpreta a *Oso pequeno*. A súa traxectoria no mundo da interpretación comezou o Ano Xacobeo de 1999 poñéndolle voz ao Pelegrín virtual realizado por Dismedia S.L. No ano 2000 foi actor de cámaras de rúa para o programa *Televisión total* da Televisión de Galicia e actor de reparto da teleserie *Un mundo de historias* emitida pola mesma canle. En 2001 foi o co-autor, co-director e intérprete da curtametraxe *O meu nome, o meu mundo*, seleccionada no Festival de Cine e Vídeo de Nova York. En 2008 púxolle voz a *Leandro* na curtametraxe de animación *O raio transparente*, foi actor secundario do filme *Agallas* de Continental e Zebra Producciones e encarnou a *Emilio* na curta de José Díaz, *Instalación*.





Tigre pequeno é o mellor cando se propón atopar cogomelos no bosque, atende a horta que el e *Oso pequeno* cultivan ao carón da casa e mantén o fogar limpo e agradable. A súa sensibilidade fai que busque constantemente a seguridade que lle ofrecen *Oso pequeno* e o seu xoguete predilecto, o pato-tigre. Nunca se separa deste último nin da súa pota vermella preferida, que non só serve para cociñar os manxares que prepara *Oso pequeno* ou para a recolección de cogomelos senón que tamén se converte nun fantástico tambor na súa viaxe a Panamá. Ademais, *Tigre* é fantástico tocando a pandeireta.

Mónica García está baixo a pel de *Tigre pequeno*. Con 18 anos de profesión ás súas costas, traballou con moitas das compañías profesionais galegas. Así, tras unha primeira etapa formando parte do elenco de Chévere en comedias como *Río Bravo*, pasou por Espello Cóncavo, Compañía Marías, Teatro do Noroeste, Ollomoltranvía, Factoría Teatro, Teatro de Adro ou Centro Dramático Galego, no que participaría nas montaxes *Valle Inclán 98*, baixo a dirección de Helena Pimenta, *Os Espectros*, *A boa persoa de Sezuán* e máis recentemente *As Actas Escuras* de Roberto Vidal Bolaño. O cine tamén contou co seu traballo en pezas coma *Os luns ao sol*, *One day in Europe*, *Para que non me esquezas*, *Sei quen es* ou *O lapis do carpinteiro*. A televisión converteuna nun dos rostros máis populares de Galicia a través de 'Mónica' na serie *Pratos combinados* e en 2007 protagonizou outra produción para a TVG, *Valderrei*. Unha traxectoria que se veu recoñecida cos premios María Casares á mellor actriz secundaria no 1997 e no 2003; premio Agapi á mellor intérprete feminina no 1999; mellor actriz do Festival de Teatro Galego do Carballiño no 2006; e mellor actriz protagonista no Festival de Curtametraxes de Sada.

Personxes secundarias

León-peregrino: baseada na personaxe do león de *El mago de Oz*. Nesta ocasión a búsqueda de coraxe realízase camiñando a Santiago de Compostela a través da Ruta xacobeá. Nesta viaxe o *León-peregrino* terá a ocasión de coñecer a *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* e realizar con eles un tramo do Camiño, coñecendo a súa historia sobre Panamá e facéndooos partícipes da súa busca de coraxe en Compostela.

Lebre, Raposo e Rato son tres dos animais nos que *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* buscan colaboración, tanto á hora de enviar o correo coma á hora de adiviñar cal é o camiño que leva a Panamá. *Raposo* está demasiado interesado pola comida, *Rato* é demasiado feble e pequeno para poder atender os requirimentos das nosas personaxes e só *Lebre* será quen, en cada ocasión, de botarlles unha man.

Gansa, Vaca e Corvo son outros animais do bosque nos que *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* buscan colaboración para o envío de correo e para atopar o camiño a Panamá, aínda que neste caso non son personaxes interpretadas por algún actor/actriz senón bonecos manipulados.

Petra Hofmann é, ademais da directora da peza teatral, a actriz encargada de encarnar estas sete personaxes, a través da interpretación e mais da manipulación de títeres. Está diplomada como actriz na Escola de Arte Dramática de Munich (Bayerische Theaterakademie 'August Everding') e domina técnicas de acrobacia e trapezio, clown e máscara e acrobacia con telas. Comezou a súa traxectoria profesional no teatro en 1994 en Alemaña participando en pezas de Brecht (*O medo e a miseria*, 1994), Faust (*f1 von JWG*, 1999), Shakespeare (*Medida por medida*, 2002) ou Passolini (*Orxía*, 2005). O cine e televisión chegaron dous anos máis tarde con traballos como *Unha muller en todos os casos* (*Eine frau für alle fälle*, 1996), *A súa guerra, as mulleres...* (*Krieg-deine frauen...*, 2001) ou *A vida é soño* (*Das leben ein traum*, 2004).



ESCENOGRAFÍA E DRAMATURXIA

O escenario é a praza, a rúa e mais a casiña/caravana de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno*, decorada e ambientada coma a casiña que se nos relata nos contos de Janosch.

O patio de butacas son 20 metros cadrados de moqueta tipo céspede para que se acomoden nela os nenos e nenas coa intención de que non só se manteñan preto de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* senón que tamén queremos que se integren no bosque e conseguir así que, cunha posta en escena sinxela e asequible, se impregnen da atmósfera e do ánimo das nosas personaxes.


A sinxeleza continúa presente nos demais elementos decorativos e de atrezzo. Ademais de ambientar o interior da caravana coa cociña e o 'marabilloso' sofá de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* incorporamos a randeeira deste último, como elemento funcional máis que decorativo, orientando ao xogo e á acrobacia.

A 'animalización' das nosas actrices e do noso actor faise a través da simplificación do vestiario e da maquillaxe. O pantalón de *Oso pequeno*, a súa cana de pescar e o sombreiro son suficientes para transformar o actor en oso diante do noso público.

O mesmo acontece coa personaxe encarnada por Mónica García, que só precisa o seu pantalón a raias para ser *Tigre pequeno* en escena. O rabo e o fuciño son os trazos diferenciadores nas personaxes do *Rato* e do *Raposo* e as 'botas veloces' e a música acompañan a nosa *Lebre*.

Cada un destes elementos ten, na nosa escenografía, múltiples usos. A cana, por exemplo, non só serve para pescar o xantar de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* senón que é clave na manipulación da personaxe que nos achega á fin do relato, o *Corvo*.





ILUMINACIÓN E MÚSICA

Por tratarse dunha historia sinxela e imaxinativa e por recrear o transcurso dun día na vida de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* a iluminación só pode ser natural. Coa posibilidade de incorporar unha luz no interior da casiña-caravana para achegarlle ao público a sensación de que se fai de noite ao remate da nosa historia.

A música é un elemento clave que acompaña a nosa historia e os nosos protagonistas durante toda a xornada, desde a presentación que cada un deles fai do outro até a celebración pola chegada ao que *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* cren que é Panamá.

As cancións soan en directo e tócanas *Oso pequeno* co seu acordeón, *Tigre pequeno* utilizando a súa pandeireta e mais a pota vermella e *Lebre* coa súa guitarra.





A DIRECCIÓN

A nosa máxima en *Que bonito é Panamá!* consiste en “traballar desde o mínimo”. Crear un ambiente sinxelo, simplificando ao máximo os elementos e mesmo cos diálogos facendo da peza teatral un espectáculo que chegue facilmente ao público infantil, que o faga partícipe da historia de *Oso pequeno* e *Tigre pequeno* e que sexa, ao tempo, unha recreación universal e, polo tanto, facilmente exportable non só desde Galicia ao resto do Estado senón a toda Europa a través da participación en festivais de teatro como o de Graz en Austria, co que xa estamos en contacto de cara ao verán de 2010.

“En marzo de 2009 decidín trasladarme a Santiago de Compostela e buscarlle alí un novo sentido á vida. Fixen o Camiño como ritual deste cambio total e, ao chegar, fun directamente a empadroarme, aínda coa mochila de peregrina e todos os medos e curiosidades. Sentirme benvida non se fixo esperar pois xa tiña o convite de quedar na casa de Tigre pequeno que neses días cumpría anos. Axudeille a preparar unha boa festa para os amigos e coñecín a Oso pequeno, que xentilmente me cedeu o seu dormitorio. Coñecín na festa os seus amigos, aos que agora chamo tamén os meus, esquecín en parte as miñas preocupacións e quedei fascinada do amable e positivo, do cariñoso e divertido desta xente que hoxe me confirma que a decisión de vir a Santiago foi a correcta. E así comezamos co proxecto ‘Que bonito é Panamá!’, cando xa o vivimos e mesmo nos convence máis aínda do sentido positivo da vida. E iniciamos un proceso creativo ao xeito das personaxes, con Tigre, Oso e os demais xantando e pensando cal sería o fogar das personaxes. Oso fala dunha carpa doutro espectáculo, Tigre pensa xa en como darlle cor e ao León-peregrino acéndeselle unha luz e propón que as personaxes vivan na súa pequena caravan, que trouxo de Alemaña na súa mudanza... E así comezou a dirección de ‘Que bonito é Panamá!’”

Petra Hofmann, directora

Panamesiana Teatro

contacto: 678 034 593

panamesianateatro@gmail.com

